

CV25016**Memoria xustificativa e económica do convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello da Guarda para realizar actuacións urxentes na estación depuradora de augas residuais da Guarda. A Guarda (Pontevedra).****1. Antecedentes**

O Concello da Guarda ten atribuídas competencias en materia de saneamento de auga potable en base á Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, que nos seus artigos 25.2 c), 26.1 a) e 86.2, configura o saneamento e depuración de augas residuais como un servizo de competencia local, nos termos establecidos pola lexislación da comunidade autónoma.

Neste senso, o artigo 80.2 l) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, sinala como competencia atribuída ás entidades locais o tratamento de augas residuais, delimitando a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia o reparto competencial neste eido, resultando competencia das entidades locais, en materia de execución de obras, as que teñan por obxecto a rede de sumidoiros (artigo 5.1 b)), redes de distribución (artigo 27.2 c)), a execución de calquera obra no eido do saneamento e/ou a depuración que non teña sido declarada de interese público por algún dos medios do artigo 28 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia (artigos 27.2 a)) en relación co artigo 5.1 c)).

Ademais, en materia de prestación do servizo, se atribúe competencia ás entidades locais para a prestación do servizo respecto de instalacións non comprendidas no artigo 32 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, respecto daquelas instalacións das que non se solicite a súa asunción do servizo pola Xunta de Galicia de acordo co establecido na disposición transitoria quinta, así como a prestación do servizo de saneamento (artigo 5.1.c)).

A entidade pública Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia (DOG núm. 222, do 18.11.2010) e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto (DOG núm. 9, do 13.01.2012) é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a



través do cal a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

2. Obxectivos que se pretenden

O obxecto deste convenio é establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de A Guarda, que permitan ao concello acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras para a realización da actuación "Substitución de ponte decantadora na EDAR de A Guarda", a súa posta en servizo, a súa explotación e a súa conservación e mantemento.

3. Necesidade da colaboración, razóns de oportunidade e xustificación da non concorrencia

A estación depuradora de augas residuais da Guarda conta cunha ponte decantadora que leva en funcionamento máis de 22 anos. Durante este tempo, o estado de conservación deste equipo deteriorouse notablemente debido ao paso dos anos e o uso continuado. A estrutura metálica somerxida, que se encarga de transportar os lodos cara á poceta central, está experimentando fallos recorrentes, como a aparición de pezas rotas e atascos que fan que o funcionamento do sistema sexa cada vez máis deficiente.

Nos últimos meses, a situación empeorou, e o funcionamento do decantador volveuse ineficaz, chegando a pararse en varias ocasións. Actualmente, é posible liberar os atascos, pero a tendencia é que isto se faga de forma ineficaz e que cada vez sexa máis difícil.

Segundo consta en documento de síntese da auditoría realizada sobre o estado e funcionamento da estación depuradora de augas residuais, de xullo do 2025, que foi elaborado pola adxudicataria do Servizo de apoio técnico para o control de verteduras de usuarios non domésticos e para a supervisión e auditoría de redes de saneamento e estacións depuradoras de augas residuais (AUG-2023-0006), o estado xeral de conservación das instalacións é deficiente, hai elementos que non están instalados e outros que están desgastados ou no fin da vida útil por falta de resolución de numerosas avarías, que se relacionan no devandito documento.

Esta situación de prolongarse no tempo impedirá o correcto funcionamento da estación depuradora de augas residuais e chegar a comprometer o bo estado ecolóxico das augas.

Augas de Galicia prevé dentro do seu Programa de Actuacións, Investimentos e Financiamento para o exercicio 2026, os investimentos a realizar no programa de acción desta entidade en relación coa



xestión da auga. Con respecto a mellora das infraestruturas do ciclo da auga e máis concretamente, no relativo á depuración e mellora da calidade dos vertidos as rías e ríos, Augas de Galicia prevé investimentos para desenvolver novas estacións depuradoras e mellorar as depuradoras de augas residuais xa existentes para optimizar a devolución da auga empregada ao medio ambiente.

Polo tanto, a execución das actuacións obxecto deste convenio figura dentro dos fins institucionais e competencias de Augas de Galicia e ten encaixe dentro do seu Programa de Actuacións, Investimentos e Actuacións para o ano 2026.

O artigo 57 da Lei de bases do réxime local, e o 194 da Lei da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei. Asemade, en consideración a razóns de interese xeral e dadas as circunstancias concorrentes, xustifícase plenamente a adxudicación directa da axuda prevista no convenio. Todo o que se fai constar para os efectos do previsto nos artigos 19.4 c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, reguladora das subvencións de Galicia.

4. Estimación de custos e financiamento

O custo total das actuacións contempladas no convenio ascende a cento dez mil noventa e dous euros con setenta e oito euros (110.092,78 €), suma da que Augas de Galicia achegará un importe máximo de oitenta mil euros. (80.000,00€), con cargo á conta 6566 "Subvencións de capital. A corporacións locais" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, con cargo a anualidade 2026, aplicación orzamentaria 2026.06.82.542B.760.00.

O custo da actuación foi orzamentado na "MEMORIA VALORADA DE LA ACTUACIÓN: SUSTITUCIÓN DE PUENTE DECANTADOR EN LA EDAR DE A GUARDA" asinada o 27.05.2025 polo enxeñeiro de camiños, canais e portos Vicente Lourido Vázquez, que inclúe a seguinte valoración resumida:



| CAPÍTULO | RESUMEN | IMPORTE | % |
|----------|---|-------------------|-------|
| 01 | SUSTITUCIÓN DE PUENTE DECANTADOR | 73.363,87 | 95,95 |
| 02 | VARIOS..... | 500,00 | 0,65 |
| 03 | GESTIÓN DE RESIDUOS..... | 1.094,76 | 1,43 |
| 04 | SEGURIDAD Y SALUD | 1.500,00 | 1,96 |
| | PRESUPUESTO DE EJECUCIÓN MATERIAL | 76.458,63 | |
| | 13,00 % Gastos generales | 9.939,62 | |
| | 6,00 % Beneficio industrial | 4.587,52 | |
| | Suma..... | 14.527,14 | |
| | PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN SIN IVA | 90.985,77 | |
| | 21% IVA..... | 19.107,01 | |
| | PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN | 110.092,78 | |

5. Vinculación co Plan estratéxico de Galicia

As actuacións son coherentes co Plan estratéxico de Galicia 2022-2030, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 10 de marzo de 2022, ao que se vinculan da seguinte forma:

1. Eixo: E2: Galicia verde e sostible

2. Prioridade actuación: PA.2.4 - Impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á xestión eficiente do ciclo da auga, á economía circular e a protección do patrimonio natural.

3. Obxectivo estratéxico: OE 2.4.1 - Contribuír técnica e economicamente para garantir aos cidadáns un acceso aos servizos básicos de saneamento e depuración, mellorando a xestión e a explotación dos sistemas, fomentando a comunicación e cooperación entre as administracións implicadas e impulsando a innovación e investigación nos procesos de tratamento e do ciclo urbano e natural da auga. Fomento da circularidade do ciclo urbano da auga.

4. Obxectivo operativo: OO02 - Contribuír técnica e economicamente para garantir un acceso aos servizos básicos de saneamento e depuración dos cidadáns de Galicia, diminuindo os desequilibrios territoriais existentes e buscando unha maior eficacia e eficiencia na execución dos investimentos e na explotación de infraestruturas hidráulicas.

5. Indicadores:

- PO0153/Actuacións de abastecemento e saneamento e depuración
- PO0437/Actuacións de colaboración para mellora da xestión do ciclo integral da auga

6. Unidades de medición: grao de execución estimado no exercicio corrente: 100%



6. Territorialización do gasto.

Concello: A Guarda.

7. Contribución ós ODS.

| DENOMINACION ODS | OBXECTIVO ESPECIFICO | Denominación obxectivo específico |
|--------------------------------|----------------------|--|
| ODS 6. Auga limpa e Saneamento | 6.4 | De aquí a 2030, mellorar a calidade da auga reducindo a contaminación, eliminando a vertedura e minimizando a emisión de produtos químicos e materiais perigosos, reducindo á metade a porcentaxe de augas residuais sen tratar e aumentando considerablemente a reciclaxe e a reutilización sen riscos a nivel mundial. |

Consonte ao disposto no artigo 48.3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público o convenio contribúe a mellorar a eficiencia da xestión pública, a facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos e á realización de actividades de utilidade pública.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director de Augas de Galicia

Roi Fernández Añón

